Asociación
Boirense
de Empresarios

Memoria de actividades

[2.018]

ENTREGADOS OS PREMIOS DA CAMPAÑA DE NADAL

Os 2.000 € da campaña de nadal da ABE xa teñen dono, foron 8 os agraciados cos premios de 250€ en vales de compra que poderán utilizar en calquera dos establecementos participantes na campaña.

Para elo terán ata o 28 de febreiro e os comercios receptores dos vales ata un mes mais para canxealos na ABE.

O listado final de premiados foi o seguinte:

Rifa	Comercio onde se entregou	Premio	Gañador
62.369	Cetarea Angel Mar	**250 €**	MARÍA JESÚS FREIRE AGRELO
31.712	Óptica Barraña	**250 €**	ROSA MARÍA FREIRE FIGUEROA
32.166	Librería El Cisne	**250 €**	DOUGLAS FABIAN FEIJOO CASABONA
14.748	Paquetería Josefina	**250 €**	MARÍA DEL CARMEN AGRELO SUEIRO
17.439	Peke´s	**250 €**	ELIZANIA LIMA DE JESÚS
44.658	Deportes Brincos	**250 €**	ANGELA SUÁREZ ALVES
66.711	Xoiería Teixeira	**250 €**	MARÍA DOLORES PÉREZ CADAVAL
56.652	Electrodomésticos Otero	**250 €**	ANA CASTRO ROSENDO

Asociación Boirense de Empresarios
Elizania Lima
Este Nadal, mercar en Boiro ten premio
250 €
10 €

Asociación Boirense de Empresarios
Ana Belén Castro
Este Nadal, mercar en Boiro ten premio
250 €
10 €

Asociación Boirense de Empresarios
Ángela Súarez
Este Nadal, mercar en Boiro ten premio
250 €
10 €

Asociación Boirense de Empresarios
Mª Dolores Pérez
Este Nadal, mercar en Boiro ten premio
250 €
10 €

CAMPAÑA FORA STOKS

A ABE desenvolveu, na última fin de semana de febreiro, unha campaña de promoción comercial para os seus asociados, nesta ocasión unha iniciativa que tivo como obxectivo liquidar os stocks dos comercios nas propias tendas.

Fora Stocks Boiro (Edición Inverno) celebrouse o xoves 22, venres 23 e sábado 24 de febreiro e participaron 25 establecementos asociados que tiveron sinalizados os produtos que se puxeron á venta a prezos de liquidación cos carteis elaborados especificamente para esta campaña para que o cliente identificara claramente os produtos.

Ademais, os comercios participantes, con cada compra, entregaron rifas para o sorteo de 100 € en vale de compra e que recaeu no número 1.063 entregado pola tenda **Mix Tic**.

Con esta campaña púxose o punto e final ás rebaixas de inverno e os clientes puideron adquirir produtos a prezos súper rebaixados no remate final da campaña ademais de poder ver xa nas tendas o adianto da campaña de primavera.

ABE
Asociación
Boirense
de Empresarios
San
14FEBREIRO
VAL
EN
TÍN
Boiro Aberto
XUNTA
DE GALICIA
BOIRO
ABERTO

A ABE ACOLLE UNHA SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS LEADER

O pasado xoves 8 de marzo tivo lugar na sede da Asociación Boirense de Empresarios (ABE), a segunda sesión informativa das axudas LEADER, destinadas á execución de proxectos de desenvolvemento rural e xestionadas pola Asociación de Desarrollo Local DELOA.

Durante a mesma difundíronse as axudas dispoñibles para PEMES, emprendedores e asociacións dos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra, Son Rianxo, Ribeira e Rois.

A responsable do grupo, Paca Gago, indicou que *" se tes un proxecto empresarial ou de interese público podes optar as axudas LEADER e dende Asociación de Desarrollo Local DELOA informaráseche das posibilidades de axuda existentes e da súa tramitación"* así mesmo quixo recalcar que *"as axudas non soamente permiten a creación de empresas, senón que tamén a ampliación das existentes ou a compra de maquinaria"*

Para máis información, poden dirixirse a:

Asociación de Desarrollo Local DELOA
Lugar de A Escravitude, s/n.
Padrón. A Coruña
Teléfono: 981 817 000
Email: deloa@deloa.es

19 de marzo
Día do pai
BOIRO ABERTO
Todo o que precisas
para sorprendelo
BOIRO ABERTO
ABE Asociación Boirense de Empresarios
XUNTA DE GALICIA

ENCONTRO CO CONSELLEIRO DE INDUSTRIA

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, reuniuse o pasado 27 de marzo cos representantes dos colectivos empresariais e comerciais do Barbanza, (entre os que se contaba a ABE representada por catro dos membros da xunta directiva) para escoitar propostas e informar das axudas e servizos cos que conta a Administración autonómica para apoiar o seu traballo.

Así, no eido empresarial, ofrécense apoios no ámbito tanto do asesoramento como do financiamento e axudas específicas para emprender. En canto ao asesoramento, Conde destacou a actividade dos coworking que en dúas edicións permitiron o desenvolvemento de 303 proxectos a cargo de 382 emprendedores; ou o servizo da Unidade Galicia Emprende que asesorou a máis de mil proxectos.

En canto a financiamento, o conselleiro lembrou a nova liña de Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs) para apoiar proxectos relacionados coa Industria 4.0. Explicou que, ademais da convocatoria de Galicia Emprende, os emprendedores de concellos rurais contan con Galicia Rural Emprende, unha liña de axudas que está aberta ata o 26 de marzo con apoios de entre 20.000 e 70.000 euros dirixida a autónomos e pequenas e medianas empresas que teñan previsto desenvolver actividades non agrarias no rural.

Pola banda da ABE recordóuselle as melloras pendentes no polígono industrial de espiñeira, a loita contra a venta ilegal, a competencia desleal en sectores como o da construción e afíns, así como a xa moi reclamada mellora da estrada Boiro Noia que resulta de capital importancia para vertebrar as dúas localidades.

A ABE RECLAMA MAIS CONTROL ANTE AS FALSIFICACIÓNS

A ABE ven de realizar unha nova petición ante o concello de Boiro e a garda civil para que se intensifiquen as labores de control sobre a venta de produtos falsificados no noso termino municipal.

Varios socios da entidade veñen de queixarse (por enésima vez) da total permisividade das autoridades locais sobre a venda de produtos falsificados cada martes no mercadillo de Boiro.

Dende a ABE entendemos que o problema das falsificacións é global *(o comercio de produtos falsificados e pirateados ten un impacto económico mundial de 338.000 millóns de euros, segun os cálculos da Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea y a OCDE. Esta cifra, equivalente ao PIB de Noruega, Austria ou Irlanda, supón a súa vez o 2,5% do total do comercio mundial)* **pero a adopción de medidas de control e sancionadoras por parte da administración local *(responsable do mercadillo de Boiro e de velar pola súa legalidade)* poden ser altamente coercitivas para que os vendedores do mesmo non exerzan esta actividade ilegal.**

Por este motivo vimos de solicitar ao concello que actúe en defensa do comercio local tomando as medidas necesarias para que este tipo de vendas ilegais se leven a cabo en Boiro.

PRESENTACIÓN DE CONTAS

Como cada ano, no primeiro trimestre, celebrase a asemblea xeral ordinaria coa finalidade de amosar as contas anuais da entidade e proceder a súa aprobación por parte dos socios.

A asemblea, que tivo lugar o pasado xoves 22, arroxou a probación das contas por unanimidade dos socios da entidade que ademais puideron ver un vídeo coas actividades do ano que tamén incluía un resumo dos servizos prestados pola ABE.

Os dato que arroxaba foron motivo de felicitacións por parte dos socios ante a labor realizada pola xunta directiva tendo en conta os poucos recursos que manexa a asociación, cun orzamento anual de 96.000 euros.

Orzamento ABE 2017	96.000 €
Subvencións tramitadas	9
Subvencións aprobadas	8
Importe de subvencións acadadas	77.541 €
Actividades formativas	7
Número de persoas formadas	183
Circulares informativas remitidas	204
Información sobre subvencións remitidas a socios	115
Queixas e peticións ante ás administracións	17
Carnés profesionais tramitados	7
Listas de prezos elaboradas	5
Deseños realizados para socios	43
Reunións de Xunta Directiva e Asembleas	14
Reunións e xestións co Concello de Boiro	21
Reunións coa Administración Pública Provincial/Autonómica	7
Tramitacións de ampliación de horarios hostalería	16
Boletíns dixitais ABE remitidos	12
Convenios propios vixentes	5
Convenios de entidades superiores vixentes	50
Notas de prensa enviadas	23
Aparicións en medios de comunicación	64
Colaboracións con outras entidades	14
Tiques de aparcamento subvencionados aos socios	6.900
Aforro dos socios por mercar tiques de aparcamento na ABE	2.070,00 €

ABE

EN CIFRAS
ANO 2017

CHEO TOTAL NO PECHA KUCHA BOIRO

A A.B.E. e o CONCELLO DE BOIRO, coa colaboración da Asociación Galega de Xestores culturais organizamos a sétima edición do Pecha Kucha Boiro que nesta ocasión centrouse nas BOAS PRÁCTICAS EN XESTIÓN CULTURAL.

Baixo o formato Pecha Kucha de 20 IMAXES x 20 SEGUNDOS, presentamos 5 experiencias consideradas boas prácticas en xestión cultural na comarca do Barbanza, que para seguir a esencia PK, representan aspectos de desenvolvemento económico a través da creatividade e a cultura.

As cinco experiencias representan un activo turístico importante ademais do esencialmente cultural.

_Festa da Dorna de Ribeira con recoñemento de interese turístico e milleiros de visitantes durante unha semana.

_ Feirón Mariñeiro de Rianxo con todos os elementos da cultura mariñeira e milleiros de asistentes igualmente.

_Romería das Letras en Goiáns, poñendo en valor un espazo patrimonial e potencialmente turístico

_Festivais de curtas de Noia e Olloboi posicionando a comarca a través do audiovisual.

Como peche a estas presentacións, Manuel Gago, xornalista cultural e profesor da USC, fixo unha intervención compilatoria sobre turismo cultural.

Segundo tempo

As 5 experiencias escollidas foron as recoñecidas no Banco Galego de Boas Prácticas en Xestión Cultural da AGPXC (Asociación galega de profesionais da xestión cultural). Esta asociación e a Deputación da Coruña a través da deputada e vicepresidenta Goretti Sanmartín, entregaron as certificacións de boa práctica a estas iniciativas barbanzanas no decurso do evento.

Terceiro tempo

No mesmo acto presentouse a revista República Creativa, resumo dalgunha das iniciativas presentadas ademais de outros movementos sociais, culturais e económicos que se deron en Boiro nos últimos anos ao redor do evento Pecha Kucha e da colaboración Cultura e Empresa propiciada pola ABE e o Concello de Boiro.

6 Maio
día da nai
Todo oque precisas para sorprendela o tes en Boiro Aberto
BOIRO ABIERTO
ABE Asociación Boirense de Empresarios
XUNTA DE GALICIA

ABE E BANCO SABADELL RENOVAN O CONVENIO DE COLABORACIÓN

Sabadell Gallego e a Asociación Boirense de Empresarios acaban de asinar a renovación do convenio de colaboración entre ambas entidades en virtude do cal, Sabadell Gallego pon a disposición dos asociados un conxunto de produtos e servizos financeiros, personalizados e en condicións preferentes, adaptados a súa economía profesional e persoal, sendo extensibles estas vantaxes tamén aos seus familiares e empregados.

Pola parte da Asociación Boirense de Empresarios aumentamos a oferta de servicios para que os asociados poidades acceder a unha ampla variedade de servizos financeiros moi competitivos e a un asesoramento financeiro personalizado en liñas subvencionadas, renting, factoring, confirming, tpv, etc.

Na sinatura do convenio participaron o presidente da ABE, Óscar España Fernández e polo banco Juan Candamo Fernández, Director Regional.

A CAMPAÑA MILLONARIO POR UN DÍA XA TEN GAÑADOR

A ABE desenvolveu durante o mes de abril unha nova campaña de promoción comercial cos obxectivos de incentivar as vendas na datas de primavera así como fidelizar e premiar aos clientes do comercio local.

A campaña consistiu no sorteo de 1.300 euros en vales de compra que foron para un único premiado que, iso si, terá que esforzarse para gastalos xa que soamente disporá dunha mañá para facelo.

Millonario por un día é unha campaña da ABE na que os 26 comercios participantes entregaron rifas aos seus clientes a razón de 1 por cada 10 € de compra durante as datas sinaladas.O sorteo do premio realizouse o martes 24 de abril e xa temos localizado ao premiado, Antonio Rivas, veciño de Padrón foi o gañador cunha rifa de Xoguetería Tiko Doco.

Antonio e a súa muller Susana disporán dunha soa mañá para gastar os 26 vales de compra de 50€ (1 en cada unha das tendas participantes na campaña), serán capaces?

COMO GASTAR 1.300 € EN MENOS DE 3 HORAS

Con un pouco de preparación previa, algo de axuda loxística e moitas ganas, Susana Domínguez conseguiu o obxectivo fixado de gastar os 1.300 € en pouco mais de dúas horas. ***"O mais duro foi a preparación previa para realizar o gasto en artigos de necesidade evitando na medida do posible a compra compulsiva"*** indicou Susana.

Con moita organización e as idas claras Susana e a súa acompañante visitaron na mañá de hoxe as 26 tendas participantes na campaña e fixeron efectivos os vales de compra de todas elas.

"Ademais de cousas que necesitábamos para toda a familia tamén aproveitamos para mercar os agasallos para o día da nai"

Entre os artigos que elixiu atópanse zapatos, camisas, camisetas, deportivas, chandal, sudadeiras, perfumes, roupa interior, gorras, vaqueiros, cargador de móbil, xoguetes, videoxogos, menaxe de fogar e moitas cousas mais que foron cargándose na furgoneta que a ABE puxo a disposición da premiada ata enchela.

Susana quixo ***"agradecer o trato recibido e a atención dos comercios de Boiro e da ABE que foi excelente"***

VOLVEN OS DÍAS AZUIS

Entre o 7 e o 21 de maio, Boiro Aberto, participou na campaña organizada pola Federación Galega de Comercio e financiada pola Xunta de Galicia denominada Os días azuis do comercio Galego.

Na campaña puideron participar todos os clientes do pequeno comercio que mercaran nesas datas, soamente necesitaban o ticket de compra para poder rexistrar a súa compra na web (www.diaszuis.com).

Sortéanse 16.200 € para toda Galicia (28 tarxetas prepago de 300 euros e 52 tarxetas de 150 euros) que deben volver a ser empregadas polos premiados no pequeno comercio.

Resultado do sorteo e premiados

O venres 28 celebrouse ante notario o sorteo dos premios e o resultado foi enormemente satisfactorio para o comercio de Boiro que entregou dous premios da campaña :

- 300 € Clara Lens Vidal, por unha compra realizada en **IMAN MODA**
- 150 € Lorena Blanco Barreiro, por unha compra realizada en **MINI KLASS**

Ademais os comercios de Boiro foron, unha vez mais, dos que mais tikets de compra validaron entre as cidades de toda a comunidade.

A entrega de premios terá lugar o vindeiro día 22 de xuño.



PREMIADOS

DÍAS AZUIS DO COMERCIO GALEGO

Sorteo realizado ante notario o 25 de maio de 2018

PREMIOS A CORUÑA

- **PREMIOS DE 300 EUROS:**
  - Julia Amado Lema – Baio/Zas
  - Clara Lens Vidal – Boiro
  - Emilia Vidal Álvarez – Ponteceso
  - Pilar Blanco Paz – A Coruña
  - Carmen Pasín Graña – Ribeira
  - Belén Alamancos Bermúdez – Arzúa
  - Javier López – Santiago de Compostela

As compras realizáronse en Mira Hombre (Baio/Zas), Iman Moda (Boiro), Carfin (Ponteceso), Ultramarinos Jesusa (A Coruña), Regalos O Capricho (Ribeira), Sport Moda (Arzúa) e Joyería José Antonio (Santiago de Compostela).

- **PREMIOS DE 150 EUROS:**
  - Julián Brantuas – Ponteceso
  - Fe Martínez Arévalo – Betanzos
  - Pilar Ordóñez González – Ribeira
  - Rosa Blasco Sánchez – A Coruña
  - Raquel Vilas Zarauza – Santiago de Compostela
  - Lucía Pardo Leira – Ferrol
  - Ana Bouzón Blanco – Noia
  - Lorena Blanco Barreiro – Boiro
  - María Bermúdez Vidal – Baio/Zas
  - Diego Fariña Garrido – Arteixo
  - Tamara Mata González – Sigüeiro
  - Dolores Alonso – Arzúa
  - Mª Carmen Sánchez García - Melide

As compras realizáronse en La Pesqueira Zapaterías (Ponteceso), Pepe Granero (Betanzos), Rey Laranga (Ribeira), Ultramarinos Jesusa (A Coruña), Kookai (Santiago de Compostela), Barminton (Ferrol), Bambbu Shoes (Noia), Mini Klass (Boiro), Parafarmacia Horizonte (Baio/Zas), Dous Andares (Arteixo), Petiscos Doce (Sigüeiro), Sport Moda (Arzúa) e Perfumería Lyss (Melide).

1

ENTRA EN VIGOR A OBRIGACIÓN DE COBRAR AS BOLSAS DE PLÁSTICO

En Boiro Aberto, dende o inicio da nosa actividade hai mais de 12 anos, estamos comprometidos coa preservación do noso medio ambiente e recursos tanto por convicción como por responsabilidade, tendo en conta o entorno natural no que nos atopamos e do que viven/vivimos moitas familias de Boiro.

É por estes motivos polo que vimos desenvolvendo campañas (como as de fomento do uso de bolsas re utilizables) e colaboracións con colectivos (como as realizadas con Boiro Verde e o foro ecolóxico de Boiro) que buscan este mesmo fin.

Neste intre, e trala publicación e entrada en vigor do Real Decreto 293/2018, de 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores, **a partir do 1 de xullo de 2018 estamos obrigados a cobrar as bolsas de plástico que entregamos aos clientes.**

Para que esta circunstancia teña a menor incidencia posible para os nosos compradores, os comercios asociados que segan entregando bolsas de plástico trala entrada da normativa, terán colocado en lugar visible do seu establecemento unha folla coa información da entrada en vigor da nova lei e os prezos das bolsas a partir desa data.

Recordamos, que tal e como establece a nova lei, as bolsas denominadas “moi lixeiras” que son as que se subministran como envase primario para alimentos a granel, como froita, legumes, carne, peixe etc seguirán sendo gratuítas.

En Boiro Aberto seguiremos apostando pola calidade de servizo e atención aos nosos clientes polo que nos vindeiros meses realizaremos novamente campañas de entrega de bolsas reutilizables de xeito gratuíto como xa fixeramos en anteriores ocasións, fomentando así a reutilización e axudando a que a compra nos nosos establecementos sexa o mais cómoda e pracenteira posible.

Se queredes ampliar a información sobre a nova lexislación tedes un resumo moi completo e o documento informativo que estará nos comercios asociados e na nosa web www.abe.gal

ABANCA ÚNESE AOS EMPRESARIOS DE BOIRO PARA FACILITAR O ACCESO AO CRÉDITO DOS SEUS ASOCIADOS

ABANCA e a Asociación Boirense de Empresarios (ABE) veñen de asinar un convenio financeiro co obxectivo de impulsar, fundamentalmente a través do crédito, o investimento e a mellora competitiva das empresas adheridas a esta organización.

O presidente de ABE, Óscar España, e o director de zona de ABANCA en Santiago-Barbanza, Jesús Soto, rubricaron hoxe na sede da asociación en Boiro un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co tecido empresarial de Galicia. No acto tamén participou o coordinador de Institucional Coruña, José Manuel Vilariño.

O convenio facilita que os empresarios e emprendedores da localidade asociados accedan a unha ampla oferta financeira con condicións melloradas respecto ao mercado. Este colectivo contará con produtos especificamente deseñados para facilitar a posta en marcha de proxectos empresariais na zona ou a mellora competitiva dos que xa están establecidos.

Á súa disposición ABANCA pon tamén préstamos e hipotecas dirixidos ao investimento, con amplos prazos de amortización, posibilidade de carencias e con xuros moi competitivos.

De maneira adicional, os empresarios asociados contarán, en condicións especiais, con outros produtos da entidade financeira galega específicos para atender as necesidades do día a día das empresas, como pólizas de crédito, anticipos, avais ou liñas de desconto comercial.

O protocolo tamén inclúe unha oferta vantaxosa na contratación de liñas de comercio exterior e no anticipo de subvencións, así como a posta a disposición do colectivo das liñas de financiamento especial do Plan Activamos, recentemente renovado entre ABANCA e a Deputación da Coruña.

Do mesmo xeito, o acordo asinado inclúe condicións melloradas na contratación de TPV (Terminais Punto de Venda) da entidade, así como o acceso a APLAZOS, o servizo de compras de ABANCA.

Os empresarios adheridos a ABE poderán acceder tamén ás vantaxes que ofrece o novo Programa Cero Comisións de ABANCA, que permite deixar de pagar polo mantemento das contas e tarxetas, pero tamén polas transferencias, ingresos de cheques ou outros servizos habituais.

ESTE
PREZOS DE MEDO
HALLOWEEN
EN BOIRO ABERTO

17 maio día das letras
GALEGAS
MARÍA VICTORIA MORENO
Asociación Boirense de Empresarios

Téxtil
Calzado
Complementos
Deportes
Flores
Decoración
Alimentación
Electrodomésticos
Xoiería
Óptica
Droguería
Farmacia
Fogar
Informática
Viaxes
Inmobiliaria - Seguros
Hostalería
E moito mais....
xa é primaveira en
BOIRO ABERTO
www.abe.gal

ENTREGADOS OS PREMIOS DA CAMPAÑA DIAS AZUIS

O Hotel NH Collection de Santiago foi o lugar elexido pola Xunta de Galcia, Federación Galega de comercio e Abanca para realizar o acto de entrega de premios da campaña Días Azuis que se desenvolveu durante o mes de maio.No acto participaron o Conselleiro de industria a Directora Xeral de Comercio e representantes de ABANCA e das federacións e asociacións de comerciantes de toda Galicia.

Entre os premiados atopábanse Clara Lens (que recibiu o premio de 300 € de mans do conselleiro de industria por unha compra realizada en Iman Moda) e Lorena Blanco (premio de 150 € entregado pola directora xeral de comercio por unha compra realizada en MINI KLASS Moda Infantil)

Dous expertos analizaron na ABE a importancia das pólizas de seguros para cubrir espectáculos

O acto organizado polo socio protector da ABE, García Sánchez foi un éxito de participación

A nova Lei de Espectáculos de Galicia ven xenerando moitas dúbidas, especialmente entre asociacións ou comisións de festas que organizan actos públicos que congregan a numerosas persoas e inclúen verbenas e concertos.

Para axudar a clarificar os contidos da normativa, que entra en vigor el próximo 2 de xullo, García Sánchez realizou unha xornada á que acudiron dous expertos, que recalcaron a importancia de contratar pólizas de seguros que cubran as continxencias que poidan producirse.

O encontro, desarrollado no salón de actos da ABE, reuniu a 83 persoas. A explicación dos aspectos máis relevantes da lei correu a cargo do presidente da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Xosé Manuel Blanco, e do avogado Fernando Expósito, experto en reclamacións e cunha ampla traxectoria no sector asegurador.

NOVO ÉXITO DE VENTAS E PÚBLICO DA NOITE ABERTA DE BOIRO

A celebración dunha nova edición da Noite Aberta de Boiro serviu para paliar un pouco as baixas ventas rexistradas durante os últimos meses xa que a iniciativa impulsada pola Asociación Boirense de Empresarios (ABE) conseguiu atraer a un bo número de compradores e visitantes durante a xornada do pasado sábado 16 de xuño.

Mais de trinta establecementos sumáronse a esta nova edición da Noite Aberta, na que non se escatimou en detalles para que todo saíra perfecto, algo ao que contribuíu que fixera bo tempo durante todo o día, xa que la celebración alargouse ata a medianoite. Globos, carteis e cintas serviron para anunciar esta gran festa do comercio boirense, xa que as calles engalanáronse para a ocasión.



Ocio e animación musical

Para contribuír a que a celebración fOra un éxito, ademais de ofrecer descontos entre o 20 e o 60 %, elaboramos un completo programa de actividades complementarias para poder divertirse entre compra e compra. Así contamos con animación musical a cargo de varios pinchadiscos, fotocol con premios e se celebraron distintas festas temáticas.

Non faltaron os sorteos para premiar a fidelidade dos clientes, e incluso repartíronse agasallos por compras directas, algo que serviu para animar a moitos compradores a realizar as súas adquisicións. Sen dúbida, esta nova edición da Noite Aberta de Boiro foi unha ocasión perfecta para equiparse para os meses de calor agora que por fin chegou o bo tempo.

FINALIZADA A XIII EDICIÓN DE BOIROFERTA

A ABE celebrou unha nova edición de Boiroferta, a XIII, un dos eventos con mais tradición do concello que pretendeu axudar aos comerciantes locais a liberar stocks a prezos que chegaron ata ao 70% de desconto.

A feira celebrouse nunha carpa de 400 metros cadrados situada na praza da Boqueira de A Negral, xunto a piscina da cachada e que acolleu unha superficie de venta de 150 metros cadrados aos que se lle sumaron 50 adicados ás actividades para os cativ@s da casa.

Esta edición acolleu aos sectores de textil, calzado, complementos, roupa e calzado infantil e deportes. Como novidade sumouse esta ano a Bodega de Antonio Saborido cos seus viños das terras do Barbanza Xirpín, Miudo, Orballo, O raposo de Xirpín….

Ademais da actividade de venda tivemos un completo programa de obradoiros infantís gratuítos e sorteos para os clientes.

STOCKS FORA

A ABE celebrou no mes de agosto unha campaña de promoción comercial para os seus asociados, nesta ocasión tratouse dunha iniciativa que tivo como obxectivo liquidar os stocks dos comercios nas propias tendas.

A campaña que se desenvolveu baixo o nome de Fora Stocks Boiro (Edición verán) tivo lugar o venres 24 e sábado 25 de agosto e participaron 20 establecementos asociados.

Estes comercios, e durante estas datas, tiveron sinalizados os produtos que se puxeron a venta a prezos de liquidación cos carteis elaborados especificamente para esta campaña para que o cliente identificara claramente os produtos.



Ademais, os comercios participantes entregaron rifas para o sorteo de 100 € que recaeu en María Tubio, unha clienta da tenda de roupa infantil Mini Klass.

Con esta campaña púxose o punto e final ás rebaixas de verán e os clientes puideron adquirir produtos a prezos súper rebaixados no remate final da campaña ademais de poder ver xa nas tendas o adianto da campaña de outono.

A ABE ACADA A CONCESIÓN DO SELO CULTURA E MECENAZGO

Trátase dunha iniciativa do Ministerio de Cultura e Deporte, a través da "*Unidad Cultura y Mecenazgo (dependente da Subdirección Xeral de Promoción de Industrias Culturais e Mecenazgo)",* que ten coma obxectivo fomentar o mecenazgo cultural, dando visibilidade a aqueles proxectos que destaquen especialmente neste ámbito.

No caso da ABE a base da memoria que presentou para tentar ser merecedora do selo foi o Pecha Kucha, un evento que como saben os moitos seguidores que nos acompañan cada ano, trata de xuntar empresa e cultura nun evento diferente que pretende ser inspirador á hora de emprender unha nova aventura empresarial.

O selo Cultura e Mecenazgo é una representación gráfica directa e funcional que permite identificar de forma inmediata aqueles proxectos que contribúen a recoñecer, fomentar e incentivar o mecenazgo cultural entre a sociedade española.

A partir deste momento a ABE lucirá o selo en tódalas comunicacións, proxectos e actos que teñan unha vertente cultural como poden ser o Pecha Kucha, as Noites Abertas ou as colaboracións co departamento de cultura do concello de Boiro ou con colectivos da localidade coma República creativa e creaturas.

Na liña de colaborar e difundir a labor de fomento do mecenazgo e promover o intercambio de coñecemento e colaboracións, á mesma Unidade lanzará proximamente a campaña #SéUnMecenas na que proxectos como os que desenvolve a ABE serán protagonistas.

Así mesmo e seguindo coa liña de colaboración, a ABE ten colgada na súa web información relativa aos beneficios fiscais en vigor para as empresas/entidades que realicen accións de mecenazgo cultural que tamén trasladou aos seus socios para que están informados das vantaxes que este tipo de accións aportan ás empresas.

Finalmente a ABE quere agradecer a tódalas persoas e colectivos culturais cos que ven colaborando durante estes anos e que se intensificaron dende que nas xa desaparecidas xornadas do asociacionismo se incluirán poñencias específicas de cultura e empresa.

Agradecementos especiais para os técnicos de cultura do centro social de Boiro que foron especialmente activos e receptivos á hora de colaborar con esta visión da potenciación da empresa a través da cultura e viceversa.

Para mais info do selo e a súa importancia podedes consultar:

https://culturaymecenazgo.mecd.gob.es/inicio.html

O PEQUENO COMERCIO AMOSA FORZA CUNHA IMPACTANTE CAMPAÑA

O pasado xoves 8 de novembro, produciuse un feito histórico na nosa zona de influencia xa que as asociacións de empresarios de Boiro, A Pobra, Noia, Padrón, Rianxo e Riveira (que representan a preto de 1.000 empresas) puxemos en marcha unha campaña para concienciar da importancia do pequeno comercio na economía local.

Campaña á que de xeito espontáneo sumáronse a ultima hora asociacións de toda Galicia (Vilagarcía, Caladas e Cuntis) e comerciantes de xeito individual tamén de toda a comunidade.

Foi a primeira campaña deste tipo que aglutina a tantos negocios e tivo un seguimento maioritario por parte do sector.

A campaña celebrouse simultaneamente en tódalas localidades mencionadas durante toda a xornada do xoves 8 e o obxectivo foi poñer de manifesto a importancia do comercio local escenificando como se vería o pobo sen comercios, bares, restaurantes e resto de negocios situados nas rúas.

Os negocios amañeceron cos escaparates tapados simulando estar pechados e luciron carteis cos seguintes lemas:

- Isto é un pobo sen comercio.
- Xuntos conseguimos que o pobo teña vida.
- Grazas a ti o pequeno comercio é mais grande.
- Contigo o comercio local é posible.
- Somos moito + que comercio.

Así mesmo, ás 19:00 horas os establecementos participantes pecharon e apagaron as luces dos escaparates para (in)visibilizar un pobo sen comercio.

As patronais remitimos unha carta a cada un dos concellos onde pedimos que se sumaran a esta iniciativa apagando parte do alumeado público das zonas mais comerciais, e o Concello de Boiro o fixo na maior parte dos tramos comerciais da vila.

Como indicamos o obxectivo da campaña foi poñer en valor o traballo dos comerciantes das nosas localidades, amosar a unión do pequeno comercio, visibilizar e reflexionar sobre como sería unha localidade se faltaran os pequenos negocios.



DOBLE SESIÓN DE DESCONTOS : BLACK FRIDAY E NOITE ABERTA

Na ABE gústanos innovar e darlle ás voltas a todo, incluso aos eventos mais consolidados como pode ser a Noite Aberta. Nesta ocasión o fixemos cun programa dobre especial para os clientes e visitantes que viñeron a Boiro o venres 23 e sábado 24 xa que xuntamos o Black Friday e a noite Aberta de Boiro nun finde de compras e ocio.

Arrancamos o venres co Black Friday no que, grazas ao Concello de Boiro, estreamos a iluminación do Nadal para dar un ambiente festivo ás nosas rúas. Ademais durante todo o día os comercios participantes tiveron incribles descontos para os clientes.

Sábado Noite Aberta

Continuamos o sábado cunha nova edición da Noite Aberta de Boiro un evento singular que xunta comercio, cultura e entretemento nunha xornada festiva.

Os descontos dos comercios tamén se realizaron durante toda a xornada e complementaranse coas actividades especiais tanto dentro coma fora dos establecementos.

Gracias á colaboración do Concello de Boiro, contamos cun gran espectáculo de animación de rúa para toda a familia, HAKUNA MATATA da compañía Troula animación.

3 caminadores xigantes: Xirafa (3,30m altura x 2,5 m largo),Rinoceronte (1,9m altura x 2,5 m largo), Elefante (1,9 m altura x 2,5 m largo), equipo de son móbil de 1000W, bicicleta, xerador de 2000W, microfonía inalámbrica, vestiario e caracterización, material necesario para levar a cabo o espectáculo.

3 manipuladores de marionetas inchables xigantes | 1 zancudo “Igor, O Domador” | 1 ciclista: “Nika, A Axudante do Domador”

EN MARCHA A CAMPAÑA DE NADAL DA ABE

O martes 11 de decembro comezaba a campaña de Nadal da ABE que ven cargada de novidades para os clientes e visitantes que teñan a ben realizar as súas compras de Nadal nos comercios Boirenses. A campaña consta de tres partes diferenciadas que son; o tradicional sorteo de vales de compra, sorteo cos carta dos reis magos e animación infantil.

Campaña vales de compra

Entre o 11 de decembro e o 5 de xaneiro os 40 comercios participantes entregarán rifas aos clientes por cada 10 € de compra para que participen no sorteo de 2.000 € en vales de compra.

Os premios están divididos en 8 x 250 € que os agraciados poderán utilizar en calquera dos comercios participantes.
As rifan son numeradas para evitar que o cliente teña que cubrilas e o sorteo terá lugar o xoves 10 de xaneiro ás 12:00 na sede da ABE.

O listado de gañadores farase público ese mesmo día a través da páxina web www.abe.gal e dos comercios participantes.
Os agraciados e suplentes deben identificarse antes do 21 de xaneiro nas oficinas da ABE.

Carta aos reis Magos

Cada comercio participante, ten no seu establecemento, un lote de cartas para que os nenos escriban aos Reis Magos e unha urna para que as poidan depositar.
@s cativ@s deben escribilas e deixalas nas caixas habilitadas nos negocios. (Poden usar as que reparte a ABE ou unha calquera outra elaborada por eles, eso sí, para entrar no sorteo debe constar nelas nome d@ nen@, pai/nai/titor e un teléfono de contacto). ENTRE TODAS AS QUE SE DEPOSITEN NAS URNAS SORTEAREMOS UNHA CONSOLA NINTENDO 2DS.

Animación comercial

Visita de Papa e Mamá Noel + Rei mago e Paxe real aos comercios repartindo caramelos e interactuando cos clientes.
A ABE editou un cartel coas datas e horas nas que pasará polos comercios participantes.

ENTREGADOS OS II PREMIOS ABE

O pasado xoves 13 de decembro, tivo lugar, no salón de actos da ABE, a entrega dos II Premios da patronal Boirense que este ano recaeron na categoría de comercio en **Baldani Concept Store** e na de mellor empresa en **La Doce espazo de arte**.

Nun ambiente festivo e de complicidade tivo lugar o acto de entrega que comezou co discurso do presidente da ABE, Oscar España que indicou que os premios *"naceron co obxectivo de premiar a labor daquelas empresas asociadas que co seu esforzo e dedicación contribúen día a día a crear riqueza e xerar emprego na nosa terra"*

Tamén quixo destacar que *"Nesta segunda edición foi un pracer comprobar que o traballo iniciado o pasado ano veuse de consolidar xa que en total recibíronse 421 votos válidos. Na categoría de mellor comercio recibiron algún voto 42 establecementos diferentes e na de mellor empresa 39. Estes resultados nos animan a continuar potenciando estes premios e tratar de que cada ano medren ata converterse nunha referencia na comarca"*

Antes de comezar coa entrega de premios a ABE proxectou un vídeo coas actividades realizadas durante o ano 2018 entre as que destacaron o Pecha Kucha especial no que se presentou a revista república creativa, as Noites Abertas, Boiroferta ou campañas comerciais como a de nadal ou millonario por un día

Rematado o vídeo o presidente deu paso a entrega de premios na que o vicepresidente da ABE , Angel Nieto entregou o galardón de mellor comercio a Daniel García Dosil, propietario da firma Boirense de roupa multimarca Baldani Concept Store.

Daniel agradeceu aos compañeiros socios polos votos recibidos así como a clientes, provedores, amigos e familia polo apoio recibido nos 17 anos de vida do proxecto.

Despois tocoulle a quenda a María Magán e Vicente Muñiz, propietarios de La doce que recibiron o galardón de mans do presidente e que quixeron poñer en valor a sua aposta empresarial asi como agradecer a ABE e aos socios o galardón.

Ademais, María, puxo en valor a residencia de artista que promoven dende La Doce, *"un proxecto único en Galicia e no que invito aos empresarios presentes a coñecelo e incluso a inverter nel"*

Para rematar a gala serviuse un pincho nas propias instalacións da ABE na que os brindes polos premiados foron constantes tamén o desexo de volver a xuntarse de aquí a un ano.